



UNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE OBRAS E SERVIZOS (QUENDA LIBRE)

Os aspectos xerais non contemplados nas presentes bases e as referencias feitas ás bases xerais entenderanse referidas ás Bases Xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela, que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015, coas modificacións que se publicaron no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016. As bases xerais refundidas están dispoñibles na páxina web do Concello (<http://redondela.gal/gl/empregopublicor>).

PRIMEIRA- NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS:

Convócase UNHA praza de persoal funcionario denominada OPERARIO/A DE OBRAS E SERVIZOS, equiparada a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública (Disposición adicional 6.^a do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público); Escala da Administración Especial; Subescala Servizos Especiais; Clase Operario/a.

Esta praza está dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

SEGUNDA- SISTEMA DE SELECCIÓN:

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:

-Sen requisito de titulación, segundo a disposición adicional 6.^a do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

-Estar en posesión, como mínimo, do permiso de conducir clase B e estar disposto/a a conducir vehículos desa categoría do xeito que lle sexa requirido para o desempeño





do seu traballo.

CUARTA- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN:

A fase de oposición constará dos seguintes exercicios:

Primeiro Exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria durante un período de 30 minutos. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a vinte (20) puntos e para aprobar será preciso acadar un mínimo de dez (10) puntos.

Segundo Exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Práctico. Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións a desenvolver e que poderán referirse, á libre elección do Tribunal, aos cometidos propios do oficio e sempre relacionadas coa materia obxecto do temario específico no prazo que estableza o tribunal en función da natureza da proba.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a vinte (20) puntos e para aprobar será preciso acadar un mínimo de dez (10) puntos.

Terceiro Exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Sobre coñecemento do galego para persoas aspirantes non exentas.

Consistirá en traducir do castelán para o galego, sen axuda de dicionario e nun tempo máximo de 30 minutos, un texto elixido polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio. A tradución será lida pola persoa aspirante diante do tribunal. Neste exercicio valorarase a corrección da tradución e a pronuncia da lingua galega.

A cualificación deste exercicio será de apto/a ou non apto/a.





QUINTA- TEMARIO DA CONVOCATORIA:

1. A Constitución de 1978. Principios básicos e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais da cidadanía española.
2. O Réxime Local español. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. O/a Alcalde/sa, o Pleno e a Xunta de Goberno Local. Composición e funcionamento dos órganos do Concello.
3. Principios Xerais do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
4. Nocións básicas de fontanería. Nocións básicas de electricidade. Recoñecemento e conservación de ferramentas.
5. Nocións básicas de xardinaría. Nocións básicas de ferraría. Recremento e conservación de ferramentas.
6. Nocións básicas de albanelería e pintura. Recoñecemento e conservación de ferramentas.
7. Nocións básicas de mantemento de edificios e vías públicas. Bacheo. Montaxe e desmontaxe material requirido para o desenvolvemento de eventos públicos.
8. Nocións básicas de limpeza, mantemento e conservación das rúas, prazas, instalacións deportivas e de calquera outra instalación municipal interna ou externa.
9. A seguridade e saúde no traballo de operario/a de Obras e Servizos. Medidas de prevención de riscos laborais e primeiros auxilios.
10. Realización de trámites electrónicos ante as Administracións Públicas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

